



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 16

IX lexislatura

14 de decembro de 2012

---

## SUMARIO

---

### **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

#### **2.3. Réxime e goberno interior**

##### **2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior**

Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de novembro de 2012, de delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento de Galicia na Presidencia da Cámara [2334](#)

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 24 de novembro de 2012, pola que se delegan determinadas funcións nas vicepresidencias da Cámara

### **3. Administración do Parlamento de Galicia**

#### **3.3. Asuntos económicos e contratación**

Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de novembro de 2012, relativo á designación de representantes da Mesa da Cámara na Mesa de contratación da Administración do Parlamento de Galicia [2334](#)

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.3. Réxime e goberno interior

#### 2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

##### **Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de novembro de 2012, de delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento de Galicia na Presidencia da Cámara**

Co obxecto de mellorar a eficiencia das actuacións da Mesa do Parlamento, semella oportuno delegar na Presidencia a resolución dos asuntos de carácter ordinario que sexan urxentes sobre os que debe pronunciarse aquela cando non estea reunida.

Polo exposto, a Mesa da Cámara, na sesión do 24 de novembro de 2012 e ao abeiro do disposto no artigo 30.1.2.<sup>a</sup> do Regulamento do Parlamento de Galicia, dispón que se delegan na Presidencia do Parlamento de Galicia as competencias da Mesa da Cámara respecto dos asuntos de carácter ordinario que sexan urxentes e inaprazables, cando este órgano non estea reunido, sen prexuízo de que a Presidencia lle dea conta á Mesa das decisións tomadas por delegación.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2012

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente 1.º

##### **Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 24 de novembro de 2012, pola que se delegan determinadas funcións nas vicepresidencias da Cámara**

Conforme os precedentes e para facilitar a eficacia na xestión parlamentaria, a Presidencia da Cámara adopta a seguinte resolución:

A) Deléganse no vicepresidente 1.º, D. Miguel Ángel Santalices Viera, a execución e o asinamento dos acordos adoptados pola Mesa e polo Pleno da Cámara, o seu traslado aos órganos ou ás persoas correspondentes e mais a súa orde de publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Exceptúanse desta delegación os legislativos, os escritos e

documentos do artigo 9 do Regulamento e os acordos desestimatorios.

B) Deléganse na vicepresidenta 2.<sup>a</sup>, D.<sup>a</sup> María Soledad Soneira Tajés, a execución e o asinamento dos acordos adoptados polas comisións parlamentarias, o seu traslado aos órganos ou ás persoas correspondentes e mais as ordes de publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2012

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.3. Asuntos económicos e contratación

##### **Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de novembro de 2012, relativo á designación de representantes da Mesa da Cámara na Mesa de contratación da Administración do Parlamento de Galicia**

O artigo 29 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia dispón que a Mesa de contratación da Administración do Parlamento estará constituída por un presidente ou unha presidenta, que será o ou a do Parlamento ou un membro da súa Mesa en quen delegue, catro vogais e un secretario, designados polo órgano de contratación, este último entre o persoal funcionario da Cámara. Entre os vogais deberá figurar necesariamente un letrado e o interventor do Parlamento, ou, a falta deles, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas funcións correspondentes a asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario.

Logo de iniciada a IX lexislatura, cómpre designar os representantes da Mesa da Cámara como órgano de contratación na Mesa de contratación da Administración do Parlamento de Galicia.

En consecuencia, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1.º) Tomar coñecemento da delegación da presidenta do Parlamento no vicepresidente 1.º da Mesa da Cámara, D. Miguel Ángel Santalices Vieira, da función de presidente da

Mesa de contratación da Administración do Parlamento de Galicia.

2.º) Designar como vogais na Mesa de contratación da Administración do Parlamento de Galicia ás seguintes persoas:

- D. José Manuel Balseiro Orol (secretario da Mesa do Parlamento de Galicia).

- D.<sup>a</sup> María Soledad Soneira Tajés (vicepresidenta 2.<sup>a</sup> da Mesa do Parlamento de Galicia).

- D.<sup>a</sup> Concepción Burgo López (vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia).

D.<sup>a</sup> María Soledad Soneira Tajés e D.<sup>a</sup> Concepción Burgo López actuarán nas mesas de contratación de xeito alternativo, nos termos que se indiquen nos correspondentes procedementos de contratación.

3.º) Ratificar como vogais o letrado oficial maior e o director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos, e como secretaria a directora de Recursos Humanos e Réxime Interior.

De ausentarse algún destes funcionarios, poderaos suplir un letrado, a viceinterventora e un funcionario da Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior, respectivamente.

4.º) Comunicarlles este acordo á Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior e á Dirección da Intervención Xeral e Asuntos Económicos e publicar a composición da Mesa do contratación da Administración do Parlamento de Galicia no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2012

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727